DOCUMENTO PARA APROBACIÓN DEFINITIVA

PLAN ESPECIAL DE INFRAESTRUTURAS PARA O NOVO ACCESO AO CEIP "PÁRROCO DON CAMILO", EN SAN ANDRES DE COMESAÑA

01. Memoria Xustificativa

Parte I. Información

SITUACIÓN:	CEIP PÁRROCO DON CAMILO. PARROQUIA SAN ANDRÉS DE COMESAÑA.
DATA:	FEBREIRO 2025.
PROMOTOR:	XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO. CONCELLO DE VIGO.
ARQUITECTO:	ÁNGEL J. SANTORIO CUARTERO.

CONCELLO DE VIGO
XERENCIA DE URBANISMO
Urbanización e Infraestructuras

Plan especial de infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña (Expte. 18337/411). Aprobación definitiva sesión ordinaria Pleno 31/03/2025 (punto 4 do acta). Asinado Secretario Xeral do Pleno Asinado por: JOSÉ VILLÁN FUERTES Data sinatura: 04/04/2025

ÍNDICE

1 INTRODUCIÓN 6

2 ALTERNATIVAS AVALIADAS E FORMULACIÓN DA ALTERNATIVA ESCOLLIDA 6

3 A AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA E CONSULTA PREVIA Á AXI DESENVOLVIDAS. 8

4 MEMORIA INFORMATIVA. 10

4.1 Características naturais do territorio. 10

4.1.1 Medio físico e espazos naturais. 10

4.1.2 A rede hidrográfica. 10

4.1.3 Os usos do solo. 10

4.1.4 A litoloxía dos terreos. 11

4.1.5 A climatoloxía da zona. 11

4.1.6 A unidade de paisaxe. 11

4.2 Características do territorio transformado. 12

4.2.1 Infraestruturas de transporte. 12

4.2.2 Infraestruturas de servizos 12

4.2.3 Servidumes aeronáuticas 12

4.2.4 Riscos naturais e tecnolóxicos 13

4.2.5 Zonas queimadas 13

4.3 A propiedade do solo. 13

4.3.1 Clasificación urbanística dos terreos por unidade catastral. 13

4.3.2 Relación de bens e dereitos afectados. 15

4.3.3 TITULARIDADE dOS bens e dereitos afectados. 16

4.4 Os condicionantes urbanísticos do Plan Xeral. 16

4.5 Afeccións da normativa sectorial e dos instrumentos de ordenación do territorio. 20

4.5.1 Directrices de Ordenación do Territorio (DOT). 20

4.5.2 DIRECTRICES DA PAISAXE GALEGA (DPG). 21

4.5.3 SERVIDUMES AERONÁUTICAS. 21

4.5.4 ESTRADAS DE GALICIA. 23

5 CAPACIDADE TÉCNICA E RESPONSABILIDADE DO EQUIPO REDACTOR. 25

Plan especial de infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña (Expte. 18337/411). Aprobación definitiva sesión ordinaria Pleno 31/03/2025 (punto 4 do acta). Asinado Secretario Xeral do Pleno Asinado por: JOSÉ VILLÁN FUERTES Data sinatura: 04/04/2025

1 INTRODUCIÓN

O Concello de Vigo formula, para a súa aprobación, o presente Plan Especial de Infraestruturas, co obxecto de que, unha vez informado favorablemente polo órgano competente da Consellería de Medio Ambiente, Ordenación do Territorio e Vivenda, sexa viable a implantación dun novo acceso ao CEIP "Párroco Don Camilo", en San Andrés de Comesaña.

A proposta escollida está fundada na necesidade de artellar unha solución urbanística pragmática e coherente, baseada fundamentalmente na definición dun novo vial de acceso seguro ao CEIP Párroco Don Camilo, dando resposta á necesidade concreta e urxente existente do mesmo, sendo, por outra parte, totalmente respectuoso coa contorna, e sen menoscabar a protección dos valores característicos identificados no ámbito, asegurando unha axeitada integración do novo vial proxectado coa planificación urbanística xeral do resto da trama do solo rururbano no que se inxire.

2 ALTERNATIVAS AVALIADAS E FORMULACIÓN DA ALTERNATIVA ESCOLLIDA

As alternativas elaboradas técnicamente viables, se desplegaron e avaliaron detalladamente no Documento Ambiental Estratéxico (DAE). Naquel documento se realizou avaliación ambiental e urbanística, aplicando puntuacións para cada un dos indicadores ambientais máis saintables. Daquela avaliación, a alternativa que obtivo a puntuación máis alta (Alternativa 4) é a coincidente con esta proposta, que xa foi desenvolvida igualmente na fase Borrador, e se eleva agora para a súa aprobación inicial no presente documento, a cal se pasa a describir polo miúdo para a súa adecuada compresión e análise. Ademáis, no documento DAE recóllense unha serie de planos de análise detallado específico desta alternativa elixida.

Na fase inicial estudáronse as seguintes alternativas:

- Alternativa 0. AUSENCIA DE INTERVENCIÓN.
- Alternativa 1. ACCESO POR ESTRADA MATAMÁ-PAZÓ.
- Alternativa 2. ACCESO POR ZONA ALTA DO CAMIÑO PEDREIRA.
- Alternativa 3. ACCESO POR ZONA BAIXA DO CAMIÑO PEDREIRA.
- Alternativa 4. ACCESO POLA PO-552, ESTRADA DE CAMPOSANCOS.

O presente documento se formula polo arquitecto Ángel J. Santorio Cuartero, e o equipo redactor sinalado no apartado 5 desta Memoria, a solicitude e baixo a supervisión dos servizos técnicos da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo, administración que exerce como entidade impulsora e promotora da actuación, no que atinxe á terminoloxía empregada pola Lei ambiental.

Segundo o resultado da avaliación das alternativas definidas no Documento Ambiental Estratéxico, o presente documento constitúe a Memoria Informativa do PEID do ámbito analizado, definido a partir da alternativa 4 seleccionada, xunto coas incorporacións derivadas dos informes e consultas emitidos e o contido das reunións de seguemento mantidas en sede municipal. De acordo ao anterior, e logo do contraste realizado dende a XMU coa Comisión de Accesibilidade, reaxustouse a delimitación do ámbito para

Plan especial de infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña (Expte. 18337/411). Aprobación definitiva sesión ordinaria Pleno 31/03/2025 (punto 4 do acta). Asinado Secretario Xeral do Pleno Asinado por: JOSÉ VILLÁN FUERTES Data sinatura: 04/04/2025

posibilitar o espazo suficiente para a disposición dun itinerario peonil accesible con pendentes inferiores ao 6%.

O proxecto urbanístico se fundamenta na procura de resolver os seguintes obxectivos para a súa integración urbanística:

- O **obxectivo xeral** do presente PEI é dar resposta á necesidade de executar un novo acceso ao CEIP Párroco don Camilo, para resolver os problemas de seguridade viaria que sofren os escolares do centro no seu acceso ao mesmo diariamente.

- Formúlanse, ademáis, sintéticamente, e sen carácter excluínte, os seguintes **obxectivos específicos:**

- Dotar ao centro docente dun novo acceso rodado que garanta as condicións de seguridade viaria para os usuarios do CEIP.

- Mellorar a mobilidade na rede viaria existente na contorna do CEIP, reducindo os fluxos circulatorios actualmente existentes no Camiño Pedreira e a estrada Matamá-Pazó, definindo a execución dunha nova infraestrutura viaria na zona, que será vertebradora e estruturante da futura ordenación do ámbito de planeamento secundario no que se inxire, no contexto da ordenación prevista no documento de Revisión do PXOM en tramitación. Esta nova infraestrutura viaria permitirá a súa continuidade futura ao longo do ámbito de planeamento diferido no que se integra na Revisión do PXOM actualmente en tramitación.

- Garantir, complementariamente, a accesibilidade peonil ao CEIP dende a estrada autonómica PO-552, por medio da definición dun itinerario peonil accesible, adaptándose á topografía do ámbito.

- Conquerir a mellor integración da actuación no entorno natural rururbano circundante, con criterios de protección do patrimonio construído e o menor impacto territorial posible, por medio da adaptación ao parcelario e a topografía existente e o respecto aos elementos identificativos dos asentamentos e a trama de soporte existente no espazo territorial no que se desenvolve a actuación.

- A mellora das condicións de integración da zona e, especialmente do CEIP, no contexto funcional de primeiro orde da cidade, en base á operación proxectada.

- A mellora das condicións de vida da contorna, por medio da implementación desta nova infraestrutura viaria, que suporá unha evidente mellora, non só para os usuarios do CEIP, senón igualmente para os residentes nos asentamentos cercanos.

- Complementariamente, regularizar xeomorfolóxicamente, por medio da actuación, a parcela do CEIP Párroco Don Camilo, mellorando así a coherencia e configuración da mesma, precisamente na zona na que se proxecta o novo acceso, para dotala do espazo suficiente por medio da cal se garanta o óptimo resultado e funcionamento presente e futuro do mesmo.

Plan especial de infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña (Expte. 18337/411). Aprobación definitiva sesión ordinaria Pleno 31/03/2025 (punto 4 do acta). Asinado Secretario Xeral do Pleno Asinado por: JOSÉ VILLÁN FUERTES Data sinatura: 04/04/2025

- Por último, desenvolver unha proposta estratéxica integrada, consensuada cos veciños da zona e o claustro directivo do CEIP, logo do desenvolvemento dun proceso previo inicial de información e participación pública.

3 A AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA E CONSULTA PREVIA Á AXI DESENVOLVIDAS.

Por medio do Documento Ambiental Estratéxico acreditouse, por unha parte, que a implantación dun novo acceso seguro ao CEIP é viable ambientalmente, e por outra, que a alternativa escollida é a mellor e máis favorable dende a perspectiva estratéxica e medio ambiental.

Así mesmo, por medio do Borrador do Plan Especial de Infraestruturas xustificouse convintemente que a proposta urbanística se adecúa ás directrices do planeamento de rango superior, e demostra a súa coherencia interna e a correlación entre os obxectivos de interese público existentes no Planeamento municipal cos que subxacen na proposta realizada.

Estes documentos, xunto coa correspondente solicitude de inicio, foron remitidos o 21/07/2021 polo órgano Promotor á Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental, da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostenibilidade e Cambio Climático da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia (órgano Ambiental), iniciando así o proceso de Avaliación Ambiental Estratéxica do PEI.

Pola súa banda, logo do trascurso do período de consultas, iniciado o 22/07/2021, foi emitido Informe Ambiental Estratéxico (IAE) ao presente Plan Especial de Infraestruturas, Expediente 2021AAE2592.

Realizáronse consultas previas á elaboración do Informe Ambiental Estratéxico (IAE) á Dirección Xeral de Ordenación do territorio e urbanismo e ao Instituto de Estudos do Territorio.

No IAE se sinala un resumo do contido dos informes recibidos, o cal se traslada de seguido:

- O informe da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo sinala que o PEI constitúe un instrumento adecuado para o obxectivo marcado, e fai algunhas observacións ao respecto do contido cartográfico da documentación e sobre a adaptación da mesma ás Normas Técnicas de Planeamento.

- O Instituto de Estudos do Territorio sinala que o Plan Especial de Infraestruturas non presentará unha forte incidencia paisaxística, toda vez que as obras que se pretenden executar son coherentes coas características paisaxísticas da contorna, podendo supoñer unha mellora na paisaxe urbana da zona ao dotala dunha infraestrutura que reduciría a intensidade circulatoria nas vías de menor sección empregadas ata o de agora para o acceso ao centro educativo.

Ademáis, dos informes anteriores, durante o período de consultas foi presentada unha suxestión por parte dun particular, veciño da zona, que suxire un pequeno cambio no trazado da vía proposta para que esta non afecte a parte dunha parcela da súa propiedade.

Consonte ao anterior, o IAE resolve *"non someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria o "Plan especial de infraestruturas para o novo acceso ao*

Plan especial de infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña (Expte. 18337/411). Aprobación definitiva sesión ordinaria Pleno 31/03/2025 (punto 4 do acta). Asinado Secretario Xeral do Pleno Asinado por: JOSÉ VILLÁN FUERTES Data sinatura: 04/04/2025

CEIP Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña", no concello de Vigo, posto que non se prevén efectos ambientais significativos."

Polo tanto, de acordo ao anterior, cumpriuse así coas directrices da Lei 21/2013, de Avaliación Ambiental, co fin de garantir o desenvolvemento sostible e un uso axeitado dos recursos, así como a redución e prevención da contaminación, entre outros fins. Tamén se dá cumprimento á Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.

As observacións e suxestións manifestadas no período de consultas previas foron consideradas na elaboración deste documento para aprobación inicial do Plan Espoecial, tal e como se xustifica polo miúdo no apartado 2.13 da Memoria Xustificativa.

Pola súa banda, no mes de xaneiro de 2022, e igualmente por parte deste equipo redactor, redactouse Consulta Previa á Axencia Galega de Infraestruturas, en virtude do artigo 83 da Orde de 23 de maio de 2019, pola que se regulan os accesos ás estradas de Galicia e as súas vías de servizo. Conxuntamente con esa documentación específica, elaborada para a formalización de dita Consulta Previa, dende a XMU do Concello remitiuse igualmente a Memoria de Información do Borrador do Plan do PEI sometido á Avaliación Ambiental Estratéxica, co fin de aportar unha maior información xeral do obxecto e xustificación da necesidade de plantear o novo vial de acceso ao CEIP e, polo tanto, o propio instrumento urbanístico do PEI.

En base á documentación elaborada remitida pola XMU do Concello, no mes de maio recibiuse Informe sobre Consulta de viabilidade do Plan Especial de Infraestruturas para o acceso ao CEIP Párroco don Camilo dende a Axencia Galega de Infraestruturas (AXI) da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia.

O devandito informe da AXI conclúe que considérase xustificada a creación do acceso novo á estrada PO-552 no seu PQ 0+450, marxe esquerda, proposto para acceso na documentación do Plan Especial de Infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, remitida polo concello de Vigo, e recibida o 08.02.2022, sinalando certos puntos a adaptar á normativa de aplicación, as cales foron incorporadas á proposta final do PEI que se achega neste documento para aprobación inicial, tal e como se xustifica polo miúdo no apartado correspondente da Memoria Xustificativa.

Ademáis, o informe sinalado indica que, en aplicación do artigo 23.2 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, o Plan Especial de Infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo deberá ser remitido, con posterioridade á súa aprobación inicial, á Axencia Galega de Infraestruturas para o seu informe.

De acordo ao anterior, novamente se sinala que, tanto as observacións e suxestións manifestadas no período de consultas ambientais da Avaliación Ambiental Estratéxica, como as achegadas pola AXI no procedemento da Consulta Previa realizada, foron consideradas e incorporadas na elaboración da proposta do novo acceso ao CEIP definida neste documento para aprobación inicial do Plan Especial, tal e como se xustifica polo miúdo no apartado 2.14 da Memoria Xustificativa.

Toda vez que, de acordo á conclusión do Informe Ambiental Estratéxico, deuse por rematada a Avaliación Ambiental Estratéxica do PEI, a documentación correspondente ao DAE e BP formalizados e tramitados naquela fase ambiental, mantéñense inalterados respecto daquela fase, previa á emisión do IAE e o Informe de viabilidade da AXI.

Ademáis do anterior, no presente documento se integran, así mesmo, as conclusións das reunións mantidas polos servizos técnicos de planeamento da Xerencia Municipal de

Plan especial de infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña (Expte. 18337/411). Aprobación definitiva sesión ordinaria Pleno 31/03/2025 (punto 4 do acta). Asinado Secretario Xeral do Pleno Asinado por: JOSÉ VILLÁN FUERTES Data sinatura: 04/04/2025

Urbanismo (XMU) cos representantes da Comisión de Accesibilidade de Galicia. A tal efecto, se define un itinerario peonil accesible que discurre a carón do novo viario definido para o tráfico rodado.

4 MEMORIA INFORMATIVA.

4.1 CARACTERÍSTICAS NATURAIS DO TERRITORIO.

Para realizar o estudo dos aspectos relevantes a ter en conta en relación co medio no que se localiza a actuación, foi contrastado o inventario de Espazos Naturais Protexidos de Galicia da Dirección Xeral de Patrimonio Natural da CMATV, o Catálogo das Paisaxes de Galicia do IET, o Atlas e Manual dos Hábitats Naturais de España, etc.

4.1.1 MEDIO FÍSICO E ESPAZOS NATURAIS.

No Documento Ambiental Estratéxico se avaliaron as afeccións físicas e ambientais que a actuación podería xerar sobre o medio, así como as medidas para minimizar os posibles efectos sobre a saúde da poboación e a funcionalidade dos sistemas naturais. Nese documento se xustifica polo miúdo que o medio físico e natural do emprazamento e da súa contorna, non determina limitacións á actuación proxectada.

De seguido indícanse as características específicas do emprazamento e dos terreos onde se pretende desenvolver a actuación, de tal xeito que se acredita que non existen problemáticas medio ambientais ou paisaxísticas que puideran supoñer un atranco, ou mesmo a inviabilidade da actuación proxectada. Pola contra, tal e como se explica, acredítase que os terreos en cuestión, son aptos para acoller a iniciativa urbanística plantexada.

Os terreos obxecto da actuación, non se atopan incluídos na rede galega de espazos protexidos, que comprende os principais ecosistemas, paisaxes ou hábitats existentes en Galicia que requiren protección, e tampouco constitúen espazos ou lugares próximos a aqueles, que sexan necesarios para asegurar a súa conservación.

De acordo ao anterior, os terreos en cuestión non se atopan incluídos en ningunha das categorías que integran a citada Rede: Reserva natural, Parque nacional, Parque Natural, Monumento Natural, Humidal Protexido, Paisaxe Protexida, Zona de Especial Conservación dos valores naturais.

Así mesmo, os terreos non se atopan incluídos en espazos da Rede Natura 2000, rede de espazos naturais protexidos a escala da Unión Europea, creada en virtude da Directiva 92/43/CEE do Consello, de 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres (Directiva hábitats), con obxecto de salvagardar os espazos naturais mais importantes de Europa.

4.1.2 A REDE HIDROGRÁFICA.

Se acredita que no ámbito delimitado non existen cursos de auga, regos nin escorrentas permanentes, nin espazos afectados pola escorrenta transitoria. Tampouco se atopan na zona, áreas que deban ter a consideración de espazos inundables ou a caracterización de dominio público hidráulico, fluxo preferente, ou zonas de protección, servidume ou de policía de aqueles.

4.1.3 OS USOS DO SOLO.

Plan especial de infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña (Expte. 18337/411). Aprobación definitiva sesión ordinaria Pleno 31/03/2025 (punto 4 do acta). Asinado Secretario Xeral do Pleno Asinado por: JOSÉ VILLÁN FUERTES Data sinatura: 04/04/2025

En canto á caracterización dos usos do solo, segundo o Siose 2011, apréciase que a zona na que se plantea a actuación se atopa recollida como zona rururbana. Os terreos lindeiros ao ámbito do PEI recóllense como cultivos e prados fundamentalemente, apreciándose tamén grandes zonas de mosaico agrícola e urbano.

4.1.4 A LITOLOXÍA DOS TERREOS.

En canto á caracterización litolóxica dos terreos, estes se atopan conformados por granitoides alcalinos.

4.1.5 A CLIMATOLOXÍA DA ZONA.

A unidade paisaxística onde se atopa o sector, dende o punto de vista climatolóxico localízase en clima de val sublitoral termotemperado.

4.1.6 A UNIDADE DE PAISAXE.

Dende a perspectiva da paisaxe, en canto á cuberta do territorio e a súa identidade territorial, atopámonos nun espazo de carácter rururbano, caracterizado polo xenérico difuso da contorna das cidades galegas. Existen mexturas de actividade residencial en continuos con outras actividades terciarias, con caracterización de paisaxe urbano ou de cidade xardín ruralizada, de transición cara as zonas periféricas da cidade, combinada con pezas de uso agrario, forestal e terciario. A rede viaria é capilar e densa, xerarquizada por vías municipais dotadas de servizos urbanos.

Dende o punto de vista dos valores paisaxísticos, naturais e ecolóxicos, nos terreos e nas súas inmediacións non existen árbores senlleiras, formacións senlleiras, nin áreas prioritarias de avifauna ameazada, así como tampouco zonas de protección da avifauna contra liñas eléctricas de alta tensión. Tampouco zonas integrantes do Plan de conservación da pillara das dunas, Plan de recuperación do oso pardo ou Plan de recuperación do sapoconcho común. Sen embargo, a zona se atopa identificada como zona 3 no Plan de xestión do Lobo e como área potencial no Plan de recuperación da escribenta das canaveiras.

Dende o punto de vista dos valores paisaxísticos, culturais e patrimoniais, nos terreos e nas súas inmediacións non existen castelos, torres ou fortalezas, mosteiros, casa grande, pazos, festas de Galicia, xardíns botánicos, patrimonio cultural, camiño de Santiago, ámbitos do Camiño de Santiago, nin conxuntos históricos. Sí se atopa preto da igrexa parroquial de Santo Andrés de Comesaña, que se atopa incluida no catálogo do patrimonio cultural, ao igual que da sede da empresa Vitrasa, sen estar afectado polo ámbito de protección dos mesmos.

Dende o punto de vista do valor panorámico ou ambiental, citar que non existen miradoiros, nin xardíns da ruta da camelia de Galicia, nin rutas BTT, nin discorren sendeiros polo ámbito.

Dende o punto dos valores paisaxísticos en función dos usos do solo, estes se localizan en zonas definidas como agroforestais, nun entorno no que existen coníferas, eucaliptos e outras, se ben non existen na contorna zonas cunha alta produtividade agraria nin forestal.

Plan especial de infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña (Expte. 18337/411). Aprobación definitiva sesión ordinaria Pleno 31/03/2025 (punto 4 do acta). Asinado Secretario Xeral do Pleno Asinado por: JOSÉ VILLÁN FUERTES Data sinatura: 04/04/2025

Na zona obxecto da actuación non existen áreas de Especial Interese Paisaxístico (AEIP) das definidas no Catálogo de Paisaxes de Galicia. Asemade, non existen Lugares de Especial Interese Paisaxístico, nin de especiais valores. Tampouco áreas paisaxísticamente especialmente degradadas, das identificadas no proceso de participación pública do Catálogo das Paisaxes de Galicia.

4.2 CARACTERÍSTICAS DO TERRITORIO TRANSFORMADO.

4.2.1 INFRAESTRUTURAS DE TRANSPORTE.

Dentro das infraestruturas de transporte que descorren polo ámbito funcional na contorna do emprazamento diferéncianse as seguintes:

-Estrada PO-552, estrada de titularidade autonomica que conecta Vigo con Baiona. Esta estrada é sobre a que se plantea o enlace do novo acceso proposto para o CEIP Párroco don Camilo.

-Estrada VG-20, autovía de circunvalación de Vigo. Arranca da parroquia de Bouzas e rodea a cidade ata conectar coa AP-9, ao Este do Termo Municipal.

4.2.2 INFRAESTRUTURAS DE SERVIZOS

O ámbito no que se propón a actuación conta con todos os servizos urbanos, integrándose nun entorno rururbano de transición entre a cidade compacta e o difuso que caracteriza o extrarradio da cidade. Por elo, na zona existen instalacións e infraestruturas urbanas. Se achegan a este DAE, como Anexo 2, os informes de suficiencia das redes existentes correspondentes, emitidos polas compañías subministradoras dos mesmos, e que foron recabados poa Xerencia de Urbanismo do Concello de Vigo, como promotora da actuación, así como igualmente os datos aportados polos Servizos Enerxéticos da Concellría de Fomento do Concello de Vigo.

4.2.3 SERVIDUMES AERONÁUTICAS

De acordo cos datos contidos nos planos de servidumes aeronáuticas de operación de aeronaves, segundo o R.D. 2278/1986, onde se recollen as determinacións establecidas pola Dirección Xeral de Aviación Civil, do Ministerio de Fomento (Secretaría de Estado de Transportes), o emprazamento do ámbito se atopa afectado polas servidumes aeronáuticas citadas, nomeadamente correspondente ao aeroporto de Vigo.

Asemade, de acordo ao sinalado na DT segunda do Real Decreto 369/2023, de 16 de maio, polo que se regulan as servidumes aeronáuticas de protección da navegación aérea, e se modifica o Real Decreto 2591/1998, de 4 de decembro, sobre a ordenación dos aeropuertos de interese xeral e a súa zona de servizo, en execución do disposto polo artigo 166 da Lei 13/1996, de 30 de decembro, de Medidas Fiscais, Administrativas e de Orde Social, as servidumes aeronáuticas aprobadas con anterioridade á data de entrada en vigor do devandito real decreto manterán a súa vixencia en tanto non se proceda, no seu caso, á súa actualización, debendo proceder á aprobación das novas servidumes no prazo máximo de seis años.

Plan especial de infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña (Expte. 18337/411). Aprobación definitiva sesión ordinaria Pleno 31/03/2025 (punto 4 do acta). Asinado Secretario Xeral do Pleno Asinado por: JOSÉ VILLÁN FUERTES Data sinatura: 04/04/2025

Cando non fora necesaria ningunha actualización, farase pública dita circunstancia mediante publicación da correspondente resolución da autoridade nacional de supervisión civil ou do órgano competente do Ministerio de Defensa no «Boletín Oficial do Estado».

Consonte ao anterior, e toda vez que as servidumes aeronáuticas non foron, polo momento, actualizadas, as servidumes aeronáuticas vixentes na actualidade son as do Real Decreto 2278/1986.

4.2.4 RISCOS NATURAIS E TECNOLÓXICOS

O ámbito do PEI atópase nunha zona de perigosidade sísmica baixa e risco de incendio forestal baixo, se ben a proximidade do Río Lagares determina a existencia de riscos de asolagamento e inundación na contorno da ambito da actuación pero sen ver afectado o ambito do Plan Espacial.

En relación aos riscos tecnolóxicos, o ámbito do PEI atópase dentro da afección da servidumes de operación de aeronaves do Aeroporto de Vigo, na superficie de aproximación intermedia NDB-L Altitude 703m e superficie de aproximación frustrada NDB-L pte. 2,5% segundo RD 2278-1986. Ademáis, a Avenida de Citroën considérase como percorrido de transporte de mercadorías perigosas. O ambito do PEI vese afectado pola servidume de estradas da PO-552 (Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia).

4.2.5 ZONAS QUEIMADAS

De acordo coa información dispoñible, nin os terreos obxecto da presente proposta nin os da súa contorna inmediata se viron afectados por incendios forestais nos derradeiros anos, polo que non existe inconvinte para a realización da proposta do novo vial de acceso ao CEIP que se plantea sobre os terreos.

Ademáis, segundo o sinalado no artigo 34.2.b) da Lei 2/2016, do solo de Galicia, os solos que sufriran incendios deberán ser clasificados no planeamento urbanístico municipal como "solo rústico de protección forestal", non podendo ser urbanizadas, por imperativo legal, nos dez anos posteriores aos mesmos.

4.3 A PROPIEDADE DO SOLO.

4.3.1 CLASIFICACIÓN URBANÍSTICA DOS TERREOS POR UNIDADE CATASTRAL.

O deseño do novo vial de acceso ao CEIP realizouse empregando como soporte a cartografía dixital en formato SIX facilitada pola Xerencia Municipal de Urbanismo. Sobre dita ordenación do vial proposto superponse a cartografía catastral actualizada á data de hoxe, e extráese a identificación das parcelas afectadas pola actuación, así como a superficie concreta de cada unha delas incluida no ámbito delimitado do PEI.

En canto ás parcelas afectadas polo novo vial proposto, a superposición da cartografía catastral sobre a proposta de ordenación elaborada sobre a cartografía municipal de soporte da proposta, e a recente actualización do plano topográfico facilitado pola XMU, da lugar a aparición de moi pequeñas, e case que insignificantes, superficies de

Plan especial de infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña (Expte. 18337/411). Aprobación definitiva sesión ordinaria Pleno 31/03/2025 (punto 4 do acta). Asinado Secretario Xeral do Pleno Asinado por: JOSÉ VILLÁN FUERTES Data sinatura: 04/04/2025

afección sobre algunhas parcelas, ao non ser ambas as dúas cartografías (municipal e catastral) plenamente coincidentes entre sí, en canto aos límites parcelarios.

Así, para o desenvolvemento do correspondente proxecto expropiatorio dos terreos afectados, será preciso contar co levantamento parcelario taquimétrico actualizado dos mesmos.

En todo caso, en base aos medios manexados para a elaboración deste PEI, as parcelas catastrais de titularidade privada que conforman o ámbito do mesmo teñen as seguintes clasificacións e calificacións urbanísticas:

	Ref. catastral	Sup. catastral	Sup. Afectada	Clasificación	Calificación
0	0423922NG2702S	6377	45	Solo urbanizable/ Solo de núcleo rural.	Ordenanza 3.3. Equipamento. Zonas Culturais e Sociais (no solo de núcleo rural)
1	0423947NG2702S	1206	30	Solo urbanizable	
2	0525101NG2702N	377	36	Solo urbanizable	
3	0525129NG2702N	241	5	Solo urbanizable	
4	0423934NG2702S	622	192	Solo urbanizable	
5	0423948NG2702S	400	294	Solo urbanizable	
6	0423945NG2702S	561	207	Solo urbanizable	
7	0423903NG2702S	390	133	Solo urbanizable	
8	0423904NG2702S	942	388	Solo urbanizable	
9	0423906NG2702S	383	11	Solo urbanizable	
10	0423942NG2702S	534	534	Solo urbanizable	
11	0423939NG2702S	720	720	Solo urbanizable/ Solo de núcleo rural.	Ordenanza 3.3. Equipamento. Zonas Culturais e Sociais (no solo de núcleo rural)
12	0423935NG2702S	351	351	Solo urbanizable	
13	0423949NG2702S	557	557	Solo urbanizable	
14	0423936NG2702S	561	561	Solo urbanizable	
15	0423933NG2702S	757	757	Solo urbanizable	
16	0423946NG2702S	332	332	Solo urbanizable	
17	0423907NG2702S	364	364	Solo urbanizable	
18	0423908NG2702S	596	596	Solo urbanizable	

Plan especial de infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña (Expte. 18337/411). Aprobación definitiva sesión ordinaria Pleno 31/03/2025 (punto 4 do acta). Asinado Secretario Xeral do Pleno Asinado por: JOSÉ VILLÁN FUERTES Data sinatura: 04/04/2025



Figura 01. Imaxe do parcelariocatastral de titlaridade privada afectado polo ámbito do PEI. Planos de información do PEI.

Pola súa banda, no ámbito delimitado do presente PEI se integran igualmente camiños existentes da rede viaria de titularidade municipal, os cales se atopan incluidos no sector de solo urbanizable, e tamén unha zona de titularidade autonómica, que constitúe unha zona funcional do acceso dende á PO-552, en virtude do sinalado na Orde de 23 de maio de 2019, zona que se atopa clasificada como solo urbano.

As superficies das devanditas parcelas e, nomeadamente, a superficie afectada a cada unha delas pola actuación se recollen nos planos de información 36057_PEID_202409_AD_PINF_08CATASTRO e 36057_PEID_202409_AD_PINF_09CATASTRO.

Pola súa banda, os titulares das parcelas catastrais afectadas se recollen no anexo específico á memoria xustificativa (Anexo 4), elaborado ao efecto por mor de garantir a privacidade dos datos de caracter persoal, segundo o sinalado no artigo 184.1.b) do RLSG.

4.3.2 RELACIÓN DE BENS E DEREITOS AFECTADOS.

A superficie total do ámbito delimitado, incluindo a rede viaria existente, ascende á 6.939,00 m², dos cales a zona de dominio público da estrada PO-552 conta cunha superficie de 662,00 m², correspondéndose a demáis superficie, de 6.277,00 m², co conxunto formado polas parcelas privadas antes sinaladas (6.113,00 m²), os camiños da rede viaria municipal existentes 119,00 m², e 45,00 m² propiedade do Colexio.

Plan especial de infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña (Expte. 18337/411). Aprobación definitiva sesión ordinaria Pleno 31/03/2025 (punto 4 do acta). Asinado Secretario Xeral do Pleno Asinado por: JOSÉ VILLÁN FUERTES Data sinatura: 04/04/2025

En canto á relación de bens e dereitos afectados, na táboa anterior recóllense as parcelas catastrais afectadas pola actuación.

4.3.3 TITULARIDADE DOS BENS E DEREITOS AFECTADOS.

A titularidade total do ámbito delimitado, que conta cunha superficie total de 6.746,00 m², repártase do seguinte xeito:

- Axencia Galega de Infraestruturas: 488,00 m².

- Concello de Vigo: 119,00 m² (dous camiños de 52,00 m² e 67,00 m², respectivamente).

- Parcela Privadas: 6.094 m².

-Colexio público: 45,00m².



Figura 02. Imaxe do parcelario catastral de titlaridade pública e privada incluida no ámbito do PEI. Planos de información do PEI.

4.4 OS CONDICIONANTES URBANÍSTICOS DO PLAN XERAL.

O Instrumento de Ordenación Provisional (IOP) de Vigo foi aprobado definitivamente polo Pleno o 24/07/2019 (Certificación do Acordo Adoptado), con publicación no DOG o 26/08/2019 e publicación da normativa no BOP o 20/09/2019.

Ademáis deste IOP, o planeamento xeral vixente na actualidade no Concello de Vigo é o Plan Xeral de Ordenación Urbana de Vigo, aprobado definitivamente por acordo do Consello da Xunta de Galicia de 29/04/1993, coas súas modificacións puntuais, como consecuencia da declaración de nulidade contida na sentenza de 10 de novembro de

Plan especial de infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña (Expte. 18337/411). Aprobación definitiva sesión ordinaria Pleno 31/03/2025 (punto 4 do acta). Asinado Secretario Xeral do Pleno Asinado por: JOSÉ VILLÁN FUERTES Data sinatura: 04/04/2025

2015 do Tribunal Supremo que afectou ás ordes da Conselleira da CPTOPT do día 16.05.2008 de aprobación definitiva e parcial do PXOM (DOG nº. 106, do día 03.06.2008; BOP nº. 151, do 06.08.2008) e do Conselleiro da CMATI do 13.07.2009 de aprobación do documento de cumprimento da Orde do día 16.05.2008 (DOG nº. 144, do día 24.07.2009; BOP nº. 175, do día 10.09.2009).



Figura 03. Encadre ambiental da actuación proposta. Documento DAE da AAE xa rematada.

Débese precisar que o devandito planeamento xeral do 93 vixente denomínase concretamente *Expediente de subsanación de deficiencias na adaptación do PXOU de Vigo de 1988 á LASGA (Lei 11/85, de 22 de agosto de adaptación do solo a Galicia)*. A aprobación definitiva de dito PXOU 1993 foi publicada no DOG nº 87, o día 10/05/1993, e a súa normativa foi publicada no B.O.P nº 133, o 14 de xullo de 1993.

No devandito PXOU do 93, os terreos atópanse clasificados como Solo Urbanizable Programado 07.08 Igrexa 2B (B/SUP/PP/1), e unha pequena parte como solo de núcleo rural (07/01/IGREXA/C), calificado coa ordenanza 3.3. de Zonas de equipamento culturais e sociais.

Plan especial de infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña (Expte. 18337/411). Aprobación definitiva sesión ordinaria Pleno 31/03/2025 (punto 4 do acta). Asinado Secretario Xeral do Pleno Asinado por: JOSÉ VILLÁN FUERTES Data sinatura: 04/04/2025



Figura nº 04. Plano de clasificación e calificación do solo do PXOU de Vigo de 1993 (E:1/2000) coa delimitación do PEI.

De conformidade coa Disposición Transitoria Primeira da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, que regula o Réxime aplicable aos municipios con planeamento non adaptado e aos municipios sen planeamento:

> *"2. O planeamento aprobado definitivamente con anterioridade á entrada en vigor desta lei e non adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, conservará a súa vixencia ata a súa revisión ou adaptación a ela, consonte as seguintes regras:*
>
> *.....*
>
> *b) Ao solo urbanizable delimitado, aplicaráselle o disposto nesta lei para o solo urbanizable.*
>
> *Ao solo urbanizable non delimitado, apto para urbanizar ou rústico apto para o desenvolvemento urbanístico, aplicaráselle o disposto nesta lei para o solo rústico.*

Plan especial de infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña (Expte. 18337/411). Aprobación definitiva sesión ordinaria Pleno 31/03/2025 (punto 4 do acta). Asinado Secretario Xeral do Pleno Asinado por: JOSÉ VILLÁN FUERTES Data sinatura: 04/04/2025

Malia o anterior, ao solo urbanizable delimitado, non delimitado, apto para urbanizar ou rústico apto para o desenvolvemento urbanístico con planeamento de desenvolvemento aprobado inicialmente antes da entrada en vigor desta lei, aplicaráselle o réxime do solo urbanizable previsto nela.

Así mesmo, ao solo urbanizable delimitado, non delimitado, apto para urbanizar ou rústico apto para o desenvolvemento urbanístico con planeamento de desenvolvemento aprobado definitivamente antes da entrada en vigor desta lei, aplicaráselle integramente o disposto no planeamento respectivo.

c) Ao solo incluído no ámbito dos núcleos rurais ou nas delimitacións de solo non urbanizable de núcleo rural, nas súas áreas de influencia ou tolerancia, aplicaráselle integramente o disposto no planeamento respectivo, agás no que se refire ás edificacións tradicionais existentes, ás que será aplicable o previsto no artigo 40 desta lei.

d) Ao solo non urbanizable ou solo rústico, aplicaráselle o disposto nesta lei para o solo rústico."

En consecuencia, de acordo ao PXOU 93, o réxime de aplicación dos terreos incluidos no ámbito é o de solo de núcleo rural (07/01/IGREXA/C) e o de solo urbanizable (07/08/IGREXA/ 2/B B/SUP/PP/1). Ademáis, a zona de influencia do acceso localizada no dominio público da estrada autonómica, conta coa clasificación de solo urbano.

Pola súa banda, o 26/08/2021 foi aprobado incialmente polo Pleno do Concello o documento de Revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo, acordo publicado no DOG o 15/10/2021. O trámite de información pública e o prazo para presentar alegacións iniciouse o 13 de outubro de 2021, contando cun prazo de tres meses a partir desa data da publicación da aprobación inicial polo Pleno da Corporación no Diario Oficial de Galicia, o cal xa concluiu na actualidade. O pasado

No citado documento de Revisión do PXOM os terreos nos que se empraza o ámbito deste Plan Especial de Infraestruturas se clasifican como solo urbano non consolidado, segundo se recolle no plano de clasificación que se amosa de seguido:

Plan especial de infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña (Expte. 18337/411). Aprobación definitiva sesión ordinaria Pleno 31/03/2025 (punto 4 do acta). Asinado Secretario Xeral do Pleno Asinado por: JOSÉ VILLÁN FUERTES Data sinatura: 04/04/2025



Figura nº 05. Plano de clasificación e categorización do solo da Revisión do PXOM de Vigo DAP (E:1/5000), coa delimitación do PEI.

Nomeadamente, o ámbito do PEI se localiza na área de reparto denominada SUNC-615, Camposancos - Da Pedreira – Matamá. Na ficha de planeamento de dito ámbito do PXOM aprobado provisionalmente, se describen os obxectivos e criterios de ordenación específicos para o mesmo. Entre eles, se indica expresamente que a ordenación dese ámbito SUNC-615 garantirá a ampliación da actual dotación docente así como a mellora da súa accesibilidade. Precisamente nese obxectivo de mellorar a accesibilidade ao CEIP coincide plenamente con este PEI, do cal é o seu obxectivo último e principal.

4.5 FECCIÓNS DA NORMATIVA SECTORIAL E DOS INSTRUMENTOS DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO.

4.5.1 DIRECTRICES DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO (DOT).

4.5.1.1 Análise de compatibilidade estratéxica

As Directrices de Ordenación do Territorio (DOT), aprobadas polo Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, deseñan un modelo territorial achegando criterio e normas de aplicación tanto para os instrumentos urbanísticos como para os plans territoriais. Neste modelo, inclúese o municipio de Vigo entre o Sistema de Grandes Cidades.

Este sistema, confórmase polas dúas grandes Rexións Urbanas da comunidade: a de Vigo e Pontevedra e a da Coruña e Ferrol, así como polas Áreas urbanas da Coruña, Vigo, Santiago de Compostela, Ourense, Lugo, Pontevedra e Ferrol.

Entre as claves da Estratexia da Rexión Urbana de Vigo e Pontevedra, atopamos as seguintes:

- Rexión con evidente potencial para desempeñar un papel esencial na prestación de servizos a un espazo moi dinámico e cun importante sistema

Plan especial de infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña (Expte. 18337/411). Aprobación definitiva sesión ordinaria Pleno 31/03/2025 (punto 4 do acta). Asinado Secretario Xeral do Pleno Asinado por: JOSÉ VILLÁN FUERTES Data sinatura: 04/04/2025

produtivo, que se caracteriza pola súa elevada integración nos mercados internacionais. O mantemento da competitividade das actividades económicas neste territorio vai demandar nos próximos anos unha armazón de servizos produtivos cada vez máis complexo e unha aposta pola I+D+i que só pode atoparse en Áreas urbanas de certo tamaño e diversificación.

• Este espazo é unha das zonas con maior crecemento demográfico e económico de Galicia e un dos ámbitos máis dinámicos de todo o norte peninsular. Con todo, a falla de estratexias territoriais integradas impide aproveitar oportunidades de futuro importantes.

Ademáis, no apartado 2.7.1 e 2.7.2 da Memoria Xustificativa se xustifica polo miúdo a coherencia da actuación respecto das determinacións establecidas en canto ás estradas polas DOTs.

4.5.2 DIRECTRICES DA PAISAXE GALEGA (DPG).

O día 1 de febreiro de 2021 publicouse no DOG nº 20 o Decreto 238/2020, do 29 de decembro, polo que se aproban as Directrices de Paisaxe de Galicia (DPG).

Logo da aprobación do Catálogo das Paisaxes de Galicia, polo Decreto 119/2016, do 28 de xullo, publicado no DOG nº 160, do 25 de agosto, o artigo 10 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, regula a figura das Directrices de paisaxe como as determinacións que, baseadas nos catálogos da paisaxe, definen e precisan, para cada unidade de paisaxe, os obxectivos de calidade paisaxística que se pretenden alcanzar.Ademáis, no apartado 2.13.5 da Memoria Xustificativa se xustifica polo miúdo a coherencia da actuación respecto das determinacións establecidas nas Directrices da Paisaxe Galega.

4.5.3 SERVIDUMES AERONÁUTICAS.

De acordo cos datos contidos nos planos de servidumes aeronáuticas de operación de aeronaves, segundo o R.D. 2278/1986, onde se recollen as determinacións establecidas pola Dirección Xeral de Aviación Civil, do Ministerio de Fomento (Secretaría de Estado de Transportes), o emprazamento do ámbito se atopa afectado polas servidumes aeronáuticas citadas, do aeroporto de Vigo, na superficie de aproximación intermedia NDB-L Altitude 703m e superficie de aproximación frustrada NDB-L pte. 2,5% segundo R.D. 2278/1986.

Plan especial de infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña (Expte. 18337/411). Aprobación definitiva sesión ordinaria Pleno 31/03/2025 (punto 4 do acta). Asinado Secretario Xeral do Pleno Asinado por: JOSÉ VILLÁN FUERTES Data sinatura: 04/04/2025



Figura nº 06. Plano da servidumes aeronáuticas segundo R.D. 2278/1986 (servidumes de operación de aeronaves). Fonte: RD 2278/1986.



Figura nº 07. Plano da servidumes aeronáuticas segundo R.D. 2278/1986 (servidumes de aeródromo e radioeléctricas). Fonte: Fonte: RD 2278/1986.

Plan especial de infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña (Expte. 18337/411). Aprobación definitiva sesión ordinaria Pleno 31/03/2025 (punto 4 do acta). Asinado Secretario Xeral do Pleno Asinado por: JOSÉ VILLÁN FUERTES Data sinatura: 04/04/2025



Figura nº 08. Plano de afección das servidumes aeronáuticas do R.D. 2278/1986 (servidumes de aeródromo e radioeléctricas) que abranguen o ámbito do PEI. Fonte: http://mapas.xunta.gal/visores/pba/

O ámbito de estudo atópase incluído nas zonas de Servidumes Aeronáuticas e/o nas zonas da proposta de Servidumes Aeronáuticas contida no Plan Director do Aeroporto Vigo Aeroporto de Vigo. As liñas de nivel das superficies limitadoras das devanditas servidumes determinan as alturas (respecto ao nivel do mar) que non debe exceder ningunha construción ou instalación (incluídos todos os seus elementos como antenas, pararraios, chemineas, equipos de aire acondicionado, caixas de ascensores, carteis, remates decorativos etc.)/ etc.), plantacións, modificacións do terreo ou obxectos fixos ou móbiles (postes, antenas, aeroxeradores incluídas as súas pas, carteis etc.)/ etc.), así como o gálibo das infraestruturas viarias.

De acordo ao sinalado na DT segunda do Real Decreto 369/2023, de 16 de maio, polo que se regulan as servidumes aeronáuticas de protección da navegación aérea, e se modifica o Real Decreto 2591/1998, de 4 de decembro, sobre a ordenación dos aeropuertos de interese xeral e a súa zona de servizo, en execución do disposto polo artigo 166 da Lei 13/1996, de 30 de decembro, de Medidas Fiscais, Administrativas e de Orde Social, as servidumes aeronáuticas vixentes non foron polo momento actulizadas, polo que éstas se corresponden coas recollidas no Real Decreto 2278/1986.

4.5.4 ESTRADAS DE GALICIA.

Dentro das infraestruturas de transporte que descorren polo ámbito funcional na contorna do emprazamento diferéncianse as seguintes:

-Estrada PO-552, estrada de titularidade autonómica que conecta Vigo con Baiona. Esta estrada é sobre a que se plantea o enlace do novo acceso proposto para o CEIP Párroco don Camilo.

-Estrada VG-20, e unha autovía de circunvalación de Vigo. Arranca da parroquia de Bouzas e rodea a cidade ata conectar coa AP-9, ao Este do Termo Municipal.

Plan especial de infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña (Expte. 18337/411). Aprobación definitiva sesión ordinaria Pleno 31/03/2025 (punto 4 do acta). Asinado Secretario Xeral do Pleno Asinado por: JOSÉ VILLÁN FUERTES Data sinatura: 04/04/2025



Figura nº 09. Plano da rede viaria principal existente na contorna do ámbito do PEI. Fonte: Elaboración propia.

En canto ás afeccións de cada unha delas, de acordo ao regulado ao efecto na lexislación sectorial de estradas de Galicia, éstas se recollen gráficamente no visor do Plan Básico Autonómico, que se incorpora de seguido:



Figura nº 10. Plano de afeccións da estrada PO-552 e a VG-20, segundo o regulado na Lei 8/2013, de estradas de Galicia e o seu Regulamento. Fonte: http://mapas.xunta.gal/visores/pba/

No apartado 2.5 da Memoria Xustificativa se acredita o cumprimento da Orde do 23 de maio de 2019, pola que se regulan os accesos nas estradas de Galicia e nas súas vías de servizo.

Plan especial de infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña (Expte. 18337/411). Aprobación definitiva sesión ordinaria Pleno 31/03/2025 (punto 4 do acta). Asinado Secretario Xeral do Pleno Asinado por: JOSÉ VILLÁN FUERTES Data sinatura: 04/04/2025

5 CAPACIDADE TÉCNICA E RESPONSABILIDADE DO EQUIPO REDACTOR.

A responsabilidade e a capacidade técnica para desenvolver este traballo está asumida polo arquitecto urbanista Ángel J. Santorio Cuartero, como director do equipo redactor SantorioArquitectos.

Nomeadamente, o equipo redactor está integrado por:

Ángel J. Santorio Cuartero. Arquitecto. Técnico Superior de Urbanismo. Coordinador.

Santos Vila González. Arquitecto. Máster en Urbanismo.

Laura Pena Porto. Arquitecta.

Paz Doblas Carrera. Licenciada en Dereito. Técnica Superior de Urbanismo.

Noemí López Rodríguez. Enxeñeira Medioambiental. Master DUMA (Derecho Urbanístico y Medioambiental)

O presente traballo foi elaborado no mes de febreiro do ano 2025.

En Vigo, a febreiro de 2025.
O arquitecto,

Ángel J. Santorio Cuartero.

Plan especial de infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña (Expte. 18337/411). Aprobación definitiva sesión ordinaria Pleno 31/03/2025 (punto 4 do acta). Asinado Secretario Xeral do Pleno Asinado por: JOSÉ VILLÁN FUERTES Data sinatura: 04/04/2025